




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



De orde o Sr. Reitor, teño a honra de convocar a V.S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día **27 de setembro de 2007**, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría (A Maestranza), ás **9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda**, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
3. Contratos e convenios.
4. Aprobación, se proceder, do regulamento de bolsas na Universidade da Coruña.
5. Aprobación, se proceder, do plano de formación integral do persoal de administración e servizos 2007-2009.
6. Aprobación, se proceder, modificacións orzamentarias.
7. Licenzas.
8. Prazas de profesorado.
9. Proposta Profesor honorario.
10. Resolución recurso reposición formalizado contra o acordo do Consello de Goberno de 15 de maio 2007 sobre premios extraordinarios de licenciatura.
11. Aprobación, se proceder, do regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin*.
12. Declaración institucional de apoio ás candidaturas da Torre de Hércules e Ferrol da Ilustración como bens galegos Patrimonio da Humanidade.
13. Aprobación, se proceder, proposta de concesión medallas de ouro da Universidade da Coruña.
14. Quenda aberta de intervencións.

A documentación relativa ao punto 2 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos Centros, na Secretaría Xeral da Universidade da Coruña e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. A documentación pertencente ao punto 3 está igualmente depositada na Secretaría Xeral da Universidade da Coruña e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. E a documentación dos puntos 3 (relación nominal de convenios), 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 13 achégase con esta convocatoria.

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión.

A Coruña, 20 de setembro de 2007
O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Xosé Manuel Carril Vázquez

SRAS./SRES. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO